



BOP

MÉRCORES, 15 DE SETEMBRO DE 2021 N.º 213

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

EDICTO

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, notificase colectivamente a liquidación do Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza urbana, rústica e características especiais, Imposto sobre Actividades Económicas, exercicio 2021, segundo ó seguinte detalle:

-Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza urbana, rústica e características especiais:

Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourel, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarin, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Vilalba, Xermade e Xove.

* Os padróns dos Concellos de Burela e Foz, exercicio 2021 foron aprobados por Resolución da Presidencia de data 28 de maio de 2021 (publicados no BOP núm. 127 do 7 de xuño de 2021).

- Imposto sobre Actividades Económicas:

Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourel, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarin, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Vilalba, Xermade e Xove.

Os Padróns quedan expostos ao público nos taboleiros de anuncios do concello, da Deputación Provincial e Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (**Ronda da Muralla, 140, Pavillón 1 - 27004 - Lugo**) durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei xeral tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante a Presidencia da Deputación Provincial, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019.- A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadación en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario dos impostos, exercicio de 2021, que se relacionan, empezará a contar o día 15/09/2021 e finalizará o día 15/12/2021, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

-Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza urbana, rústica e características especiais:

Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castrovverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Oourol, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarin, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Vilalba, Xermade e Xove.

- Imposto sobre Actividades Económicas:

Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castrovverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Oourol, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarin, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Vilalba, Xermade e Xove.

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravién o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobrador e remitilo ao Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Lugo, 1 de setembro de 2021.-O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019. A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 2593

CONCELLOS

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 09 de setembro de 2021 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de agosto de 2021.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 9 de setembro de 2021.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2665

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobados por Decreto da Alcaldía os padróns do 1º trimestre do ano 2021 correspondentes a auga, lixo, canon e sumidoiros, por medio do presente faise público que durante o prazo dun mes, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, quedan de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes padróns, poderán interpoñer con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns de auga, lixo, canon e sumidoiros correspondentes ao primeiro do 2021, terá lugar dende o días 06/09/2021 ao 05/11/2021 (ambos incluídos).

O cobramento efecturarase nalgúns das seguintes modalidades:

- a) Nas dependencias municipais de recadación, en horario laboral de luns a venres, de 9 a 14 horas.
- b) Mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos e que obren nesta Administración.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas á auga, lixo e sumidoiros faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Se o canon da auga non se fixera efectivo no período voluntario sinalado, suporá a exixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Guitiriz, 7 de setembro de 2021.-A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2666

LUGO

Anuncio

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 18 de agosto de 2021, adoptou entre outros o acordo número 2/518 **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE COHESION E DINAMIZACIÓN SOCIAL E NO CONCELLEIRO DELEGADO DE XUVENTUDE E DEPORTES PARA A RESOLUCIÓN DE TÓDOLOS ACTOS DE TRÁMITE E RESOLUTIVOS EN RELACIÓN COS PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS DE CONTRATACIÓN RELATIVOS Á CELEBRACIÓN DO FESTIVAL CAUDAL FEST 2021 E DA PROBA INICIAL DO CIRCUÍTO "WORLD PADEL TOUR" 2021 NO TERMO MUNICIPAL DE LUGO.**

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 10 de setembro de 2021.- A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Lavarellos Fondo.

R. 2667

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DE AGOSTO 2021.

Por Resolución de alcaldía de data oito de setembro de 2021, resólvese prestar aprobación da devandita listaxe que estará exposta nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 13 de outubro de 2021 ao 13 de decembro de 2021**, ámbolos dous inclusive.

B) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 9 de setembro de dous mil vinte e un.

A Pontenova, 9 de setembro de 2021.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 2668

PORTOMARÍN

Anuncio

O Concello de Portomarín publica en cumprimento do que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local- o texto integro da “ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES”. A aprobación inicial foi por acordo do Pleno da Corporación do 9 de xullo de 2021 e expúxose ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia número 169 do 26 de xullo de 2021, sen que houbera ningunha reclamación, alegación ou suxestión, razón polo que se entende aprobado definitivamente.

ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.-

Artigo 1.- O Imposto sobre bens inmobles (IBI) rexerá neste municipio:

- Polas normas reguladoras deste contidas no Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.
- Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.-Tipos de gravame:

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza urbán queda fixado no 0,40 % .

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicables aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,30 % .

O tipo de gravame do Imposto de Bens Inmobles aplicable aos bens de características especiais, queda fixado no 1,3 % .

Artigo 3.- Exencións: En aplicación do artigo 62 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, e en base a criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, establécense as seguintes exencións na cota líquida do imposto:

- Bens Inmobles urbáns cunha cuota líquida inferior a 6,00 euros.
- Bens Inmobles rústicos no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termo municipal sexa inferior a 6,00 euros.

Artigo 4.- Bonificacións.

4.1.-As vivendas que constitúan a residencia habitual de familias numerosas gozarán dunha bonificación na cota íntegra do imposto, de acordo coas seguintes categorías:

- **Xeral:** bonificación do 75% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas con tres ou catro fillos, ou que tendo dous fillos un deles sexa discapacitado ou estea incapacitado para o traballo.
- **Especial:** bonificación do 90% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas de máis de catro fillos.

Aos efectos de clasificación na categoría xeral ou especial anterior, estarase ao disposto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas.

Terá a consideración de vivenda habitual a que figure como residencia no Padrón Municipal.

Os suxeitos pasivos do imposto deberán presentar xunto coa solicitude de bonificación os documentos oficiais acreditativos da súa condición de familia numerosa

4.2.—Gozarán dunha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas

agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, así como as construcións destinadas unicamente a actividades agrarias ou gandeiras.

A declaración de interese ou utilidade municipal, aprobarase pola Xunta de Goberno, en canto competencia do Pleno que se delega na Xunta de Goberno, por razóns de operatividade.

A bonificación terá carácter rogado. Para ser beneficiario desta bonificación os suxeitos pasivos deberán solicitala, surtindo efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

-certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.

-acreditación da titularidade catastral do inmovible

-certificacións acreditativas de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa autonómica nin coa Seguridade Social.

-xustificación do recoñecemento da explotación, ou licenza/comunicación de actividade correspondente.

Previamente á súa aprobación, o concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello, calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello, poderá declararse, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de dez días (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dito prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro xeito, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

4.3.- Establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmoables urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo

Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo

Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmoables nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A solicitude a presentar por os interesados conterá a seguinte documentación:

- Escrito de solicitude.
- Certificación catastral descritiva e gráfica do inmovible.
- Documentación sobre as licenzas municipais (primeira ocupación, apertura, etc....)
- Documentación de alta no imposto sobre actividades económicas.
- Documentación que xustifique a creación de emprego.

Artigo 5.-

No que non estea expresamente previsto na presente ordenanza, rexerán os preceptos contidos na lexislación reguladora das facendas locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais) e nas demais leis do estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Disposición adicional única

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o día 09 de xullo de 2021, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Portomarín, 8 de setembro de 2021.- O alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 2669

Anuncio

O Concello de Portomarín publica en cumprimento do que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local- o texto integro da "ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIONS, INSTALACIONES E OBRAS DO CONCELLO DE PORTOMARIN". A aprobación inicial foi por acordo do Pleno da Corporación do 9 de xullo de 2021 e expúxose ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia número 169 do 26 de xullo de 2021, sen que houbera ningunha reclamación, alegación ou suxestión, razón polo que se entende aprobado definitivamente.

ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIONS, INSTALACIONES E OBRAS DO CONCELLO DE PORTOMARIN.-**Artigo 1º.- Feito imponible.**

1.- O imposto sobre construcións, instalación e obras (ICIO) rexerese neste municipio:

a) Polas normas reguladoras deste contidas na Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.

b) Pola presente ordenanza fiscal.

2.- Constitúe o feito imponible do imposto, a realización dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obra ou urbanística, terase obtido ou non dita licenza.

3.- As construcións, instalacións e obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

c) Obras de construcións de edificación e instalacións de tódalas clases de nova planta.

d) Obras de demolición.

e) Obras de edificios, tanto aqueles que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.

f) Alineacións e rasantes.

g) Obras de fontanería e sumidoiros.

h) Obras en cemiterios.

i) Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza de obra ou urbanística.

Artigo 2º.- Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades á que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, propietarios dos inmobles sobre os que se realizan as construcións, instalacións ou obras sempre que sexan donos das obras; nos demais casos, considérase contribuínte a quen taña a condición de dono da obra.

2.- Teñan a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras, se non foran os propios contribuíntes.

Artigo 3º.- Base imponible, cota e devengo.

1.- A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra.

Entenderase por custo real e efectivo da construción, instalación ou obra o presuposto de execución material da mesma.

2.- A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

3.- Ó tipo de gravame será o seguinte:

a) Ó 2% para as edificacións destinadas a vivenda unifamiliar, construcións e instalacións destinadas a explotacións agropecuarias e complementarias destas e para construcións, instalacións e obras consideradas como menores.

b) Ó 2,40% para as edificacións destinadas a vivendas plurifamiliares e resto de construcións, instalación e obras.

4.- Ó imposto devéngase no momento de iniciar a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivera a correspondente licenza.

Artigo 4.- Xestión.

1.- Cando se conceda a licenza preceptiva, practícarase unha liquidación provisional, determinándose a base imponible en función do presuposto presentado polo interesado sempre que o mesmo estivera visado polo colexio oficial correspondente, e contívese os datos á que se retire o artigo 3.1; noutro caso, a base imponible será determinada polos servizos municipais de acordo co custo estimado de execución material do proxecto.

2.- Á vista das construcións, instalacións e obras efectivamente realizadas e do custo real das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a cantidade que corresponda.

3.- Ó Concello poderá esixir este imposto en réxime de autoliquidación.

Artigo 5.- Inspección e recadación.

A Inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas demais leis do estado reguladoras da materia, así coma nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 6.- Excepcións, bonificacións e reducións.

1.- Está exenta do pago do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sea dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, que estando suxeitas a éste, sexan directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de nova inversión como de conservación.

2.- Ó Pleno da Corporación poderá declarar, previa solicitude dos interesados e os informes dos técnicos municipais, que determinadas construcións instalacións ou obras son de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomentado emprego. Dita declaración require o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Declarada dita utilidade, poderase aplicar unha bonificación de ata o 95% da cota en atención os documentos existentes no expediente e que motivaron a declaración de especial interese ou utilidade pública municipal.

3.- A solicitude dos interesados, e previos ós informes dos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local poderá conceder unha bonificación de ata o 50% a favor das construcións, instalacións ou obras referentes as vivendas de protección oficial.

4.- A solicitude dos interesados, e previos os informes dos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local poderá conceder unha bonificación de ata o 90% a favor de construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habilitación dos discapacitados.

5.- A Xunta de Goberno Local determinará, en cada caso, se todas ou algunhas das bonificacións reguladas neste artigo son ou non aplicables simultaneamente. Se o foran aplicaranse simultaneamente e sucesiva, segundo a orde á que aparezan reguladas.

6.- Establécese unha bonificación de ata o 95% para as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo

Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo

Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aquelas outras que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos dende o inicio da actividade polo suxeito pasivo. Tal circunstancia deberá ser acreditada por este ante os servizos tributarios do concello dentro dos 15 días seguintes ao remate de cada trimestre. O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspondente expediente de reintegro.

A solicitude a presentar por os interesados conterá a seguinte documentación:

- Escrito de solicitude.
- Certificación catastral descriptiva e gráfica do inmovible.
- Documentación sobre as licenzas municipais (primeira ocupación, apertura, etc....)
- Documentación de alta no imposto sobre actividades económicas.
- Documentación que xustifique a creación de emprego.

Artigo 7.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas corresponda a cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

Disposición Adicional Única.-

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición Final.-

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o día 09 de xullo de 2021, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I. MODULOS VALORATIVOS DE OBRAS MENORES

1 PAVIMENTOS

| CODIGO | DENOMINACION | UNID. | PREZO/UNID. |
|--------|---|----------------|-------------|
| OME1.1 | Pavimento de gres, terrazo e/ou plaqueta cerámica sitetico ou semellante | m ² | 30,13 |
| OME1.2 | Pavimento de pedra ou mármore | m ² | 61,10 |
| OME1.3 | Pavimento de madeira | m ² | 52,30 |
| OME1.4 | Pavimentado de formigón | m ² | 18,23 |
| OME1.5 | Pavimento de formigón impreso | m ² | 25,00 |
| OME1.6 | Pavimento de beirarrua de baldosa hidráulica ou semellante, incluso parte proporcional de bordo | m ² | 20,59 |

2 ALICATADOS E CHAPADOS

| CODIGO | DENOMINACION | UNID. | PREZO/UNID. |
|--------|---|----------------|-------------|
| OME2.1 | Alicatado de azulexos | m ² | 22,67 |
| OME2.2 | Chapado de pedra natural | m ² | 75,00 |
| OME2.3 | Chapado de granito/mármore | m ² | 100,00 |
| OME2.4 | Rexuntado con morteiro en fábrica de cachotería | m ² | 18,55 |
| OME2.5 | Aplacado de pedra artificial | m ² | 40,00 |
| OME2.6 | Zócalo en fachada con pedra natural | m ² | 60,00 |
| OME2.7 | Eliminación de alicatado | m ² | 5,00 |
| OME2.8 | Panelado de madeira en paramentos verticais | m ² | 35,51 |

3 ENLUCIDOS, ENFOCADOS E PINTURAS

| CODIGO | DENOMINACION | UNID. | PREZO/UNID. |
|--------|---|----------------|-------------|
| OME3.1 | Limpeza de fachadas por medios manuais ou mecánicos | m ² | 14,55 |
| OME3.2 | Enfoscado e enlucido de cemento | m ² | 14,60 |

| | | | |
|--------|---|----------------|-------|
| OME3.3 | Reparación de fachada (Picado de fachada e enfoscado) | m ² | 30,00 |
| OME3.5 | Pintura plástica en exteriores ou interiores | m ² | 8,64 |
| OME3.6 | Revestimiento fachada monocapa | m ² | 20,50 |

4 ALBANERÍA

| CODIGO | DENOMINACION | UNID. | PREZO/UNID. |
|---------|--|----------------|-------------|
| OME4.1 | Construción de tabique ladrillo (e<10 cm) | m ² | 42,60 |
| OME4.2 | Construción de cerramento de dobre folia de ladrillo con ilamento interior (10 cm<e<24 cm) | m ² | 35,93 |
| OME4.3 | Construción de cerramento de fachada con muro de cachoteria ou silleria | m ² | 88,65 |
| OME4.4 | Construción de cerramento de muro de fabrica de bloque | m ² | 24,20 |
| OME4.5 | Tabique formado por placas de cartón-xeso | m ² | 38,59 |
| OME4.6 | Extradosado de paredes con placas de xeso laminado | m ² | 15,86 |
| OME4.7 | Chanzos de fábrica en formación de escaleira | ml | 16,07 |
| OME4.8 | Recrecido de pisos con morteiro de cemento | m ² | 7,60 |
| OME4.9 | Colocación falso teito de escaiola | m ² | 18,21 |
| OME4.10 | Colocación de falso teito de madeira ou acustico | m ² | 31,32 |
| OME4.11 | Colocación de balaustrada | m ² | 30,00 |
| OME4.12 | Colocación de reixa en oco de fachada < 2 m ² | m ² | 150,00 |
| OME4.13 | Exceso colocación de reixa en ocos > 2 m ² | m ² | 60,00 |

5 CUBERTAS (medicion en planta)

| CODIGO | DENOMINACION | UNID. | PREZO/UNID. |
|--------|--|----------------|-------------|
| OME5.1 | Cuberta con lousa, colocada sobre rastreis ou cangos (non incluídos9 con gancho de aceiro) | m ² | 32,86 |
| OME5.2 | Cuberta con lousa, colocada sobre rastreis ou cangos incluídos con gancho de aceiro | m ² | 52,36 |
| OME5.3 | Cuberta lixeira (Chapa metálica, poliéster, policarbonato) | m ² | 36,25 |
| OME5.4 | Cano ou baixante de PVC ou aluminio | ml | 15,97 |
| OME5.5 | Cano ou baixante de Zinc-Cobre-Titanio | ml | 30,12 |
| OME5.6 | Cano ou baixante de aceiro prelacado | ml | 26,66 |
| OME5.7 | Lucernario ou xanela de cuberta tipo Velux ou semellante | m ² | 152,25 |
| OME5.8 | Impermeabilización de cuberta | m ² | 32,21 |
| OME5.9 | Formación de cheminea | ud | 158,45 |

6 DEMOLICIONS, MOVEMENTOS DE TERRA E CANALIZACIONES

| CODIGO | DENOMINACION | UNID. | PREZO/UNID. |
|--------|---|----------------|-------------|
| OME6.1 | Desbroce e limpeza de terreo | m ² | 2,75 |
| OME6.2 | Excavación de terras en baleirado | m ³ | 3,25 |
| OME6.3 | Excavación ou apertura de gabias ou foxos | ml | 4,54 |

| | | | |
|---------|---|----------------|--------|
| OME6.4 | Recheo e compactación de gabias ou foxos | ml | 5,32 |
| OME6.5 | Recheo e compactación de terras en terraplens ou explanacions | m ³ | 4,30 |
| OME6.6 | Canalización soterrada para saneamento, auga electricidade ou telecomunicacións, sen incluír a excavación e recheo de gabias ou foxos | ml | 22,80 |
| OME6.7 | Arqueta de rexistro para instalacións soterradas, instalada | ud | 110,25 |
| OME6.8 | Demolición tabique (e <10 cm.) | m ² | 4,88 |
| OME6.9 | Demolición de muro (10 cm.< e <24 cm) | m ² | 64,47 |
| OME6.10 | Picado de azulexado, aplacado, enfoscado ou semellante | m ² | 7,65 |
| OME6.11 | Demolición de pavimentos de bladosas de pedra, cerámica ou semellante | m ² | 7,21 |
| OME6.12 | Demolición ou desmontaxe de entaboados de madeira | m ² | 7,06 |
| OME6.13 | Desmontaxe de cubrición de cuberta de lousa, tella, chapa, fibrocemento ou semellante, m ² con pp de canos e baixantes | m ² | 6,22 |
| OME6.14 | Desmontaxe de mobiliario de conciña | m ² | 18,00 |
| OME6.15 | Desmontaxe de sanitarios de baño ou aseo | ud | 40,00 |
| OME6.16 | Desmontaxe de instalación eléctrica, fontanería ou saneamento en vivenda | ud | 143,30 |
| OME6.17 | Demolición de cheminea sobre cuberta | ud | 48,00 |

7.A. CARPINTERÍA E CERRAXERÍA

| CODIGO | DENOMINACION | UNID. | PREZO/UNID. |
|---------|---|----------------|-------------|
| OME7.1 | Porta de entrada á vivenda de madeira maciza e/ou seguridade | ud | 540,00 |
| OME7.2 | Porta de entrada á vivenda en aluminio lacado ou PVC | ud | 383,80 |
| OME7.3 | Porta interior de madeira ou outro | ud | 135,50 |
| OME7.4 | Substitución ou colocación de carpintería exterior de madeira en formación de xanelas ou portas ablacanodas | m ² | 179,26 |
| OME7.5 | Substitución ou colocación de carpintería exterior de aluminio ou PVC en formación de xanelas ou portas abalconadas | m ² | 226,25 |
| OME7.6 | Restauración e pintado/vernizado de carpintería exterior de madeira existente | m ² | 17,05 |
| OME7.7 | Acristalamento de vidro sinxelo en carpintería exterior | m ² | 31,35 |
| OME7.8 | Acristalamento de vidro dobre en carpintería exterior | m ² | 68,15 |
| OME7.9 | Acristalamento de vidro templado ou laminado de seguridade en carpintería exterior | m ² | 80,95 |
| OME7.10 | Persiana de madeira ou PVC | m ² | 85,20 |
| OME7.11 | Rexa metálica de seguridade en protección de portas ou xanelas | m ² | 92,00 |
| OME7.12 | Toldo de tea con brazos abatibles | m ² | 160,86 |
| OME7.13 | Verteaugas de pedra en oco exterior | m ² | 142,15 |
| OME7.14 | Xamba ou dintel de pedra | m ² | 75,80 |
| OME7.15 | Persiana de madeira ou PVC | m ² | 85,20 |

7.B. INSTALACIONES

| CODIGO | DENOMINACION | UNID. | PREZO/UNID. |
|--------|--|-------|-------------|
| OME7.1 | Instalación de fosa septica con foxo filtrante en vivenda (para 6 persoas) | ud | 1150,00 |

| | | | |
|---------|--|----------------|---------|
| OME7.2 | Instalación de pozo de auga de barrena ou artesán | ud | 1300,00 |
| OME7.3 | Renovación de instalación de saneamento en baño/aseo | ud | 152,00 |
| OME7.4 | Renovación de instalación de saneamento en cociña | ud | 130,75 |
| OME7.5 | Renovación de instalación de fontanería en baño/aseo | ud | 321,80 |
| OME7.6 | Renovación de instalación de fontanería en cociña | ud | 295,65 |
| OME7.7 | Substitución de aparatos sanitarios en baño composto por bañeira/ducha, inodoro, bidé e lavado | ud | 691,35 |
| OME7.8 | Substitución de aparatos sanitarios en aseo composto por inodoro e lavabo | ud | 357,60 |
| OME7.9 | Mellora ou substitución de instalación eléctrica en vivenda por cada m ² de superficie útil | m ² | 22,32 |
| OME7.10 | Instalación interior de calefacción en vivenda por cada m ² de superficie útil | m ² | 64,95 |
| OME7.11 | Depósito de auga | m ³ | 175,55 |
| OME7.12 | Conexión coa rede de saneamento | ud | 125,00 |
| OME7.13 | Conexión coa rede de abastecemento de auga | ud | 165,00 |

8 OBRAS COMPLETAS REFORMA (resultantes da suma das unidades de obra correspondentes)

| CODIGO | DENOMINACION | UNID. | PREZO/UNID. |
|--------|---|-------|-------------|
| OME8.1 | Reforma de baño Superficie máxima de baño 7 m ² | ud | 2100,00 |
| OME8.2 | Reforma de aseo Superficie máxima de aseo 2 m ² | ud | 1100,00 |
| OME8.3 | Reforma de cocina Superficie máx. de cocina 10 m ² | ud | 670,00 |
| OME8.4 | Apertura de hueco y colocación puerta acceso fachada | ud | 946,00 |
| OME8.5 | Apertura de hueco e colocación de fiestra | ud | 340,00 |

9 CERRAMENTOS, VALADOS DE FINCAS E ACCESOS

| CODIGO | DENOMINACION | UNID. | PREZO/UNID. |
|---------|---|----------------|-------------|
| OME9.1 | Peche con postes e arame | ml | 12,25 |
| OME9.2 | Peche con postes metálicos e malla con murete de bloque de formigón | ml | 18,35 |
| OME9.3 | Peche con reixa de forxa, celosía ou semellante | ml | 33,63 |
| OME9.4 | Peche perimetral composto por: cimentación, muro de bloque de formigón ata unha altura de 1,50 m enfoscado e pintado incluso parte proporcional de portas de acceso, para uso residencial | ml | 129,10 |
| OME9.5 | Peche con chantos de lousa | ml | 28,62 |
| OME9.6 | Peche de cachotería ou sillería | m ³ | 380,00 |
| OME9.7 | Paso salvacunetas mediante antubado de gabia e pavimentación | ml | 22,17 |
| OME9.8 | Rebaixe de bordillo para acceso de vehiculos a vados | ml | 14,16 |
| OME9.9 | Cancela de acceso a parcela | ml | 105,30 |
| OME9.10 | Execución de columna para contador de electricidade/auga | ud | 210,00 |

10 OBRAS NO CEMITERIO

| CODIGO | DENOMINACION | UNID. | PREZO/UNID. |
|---------|----------------------|-------|-------------|
| OME10.1 | Nichos sobre rasante | ud | 249,20 |

| | | | |
|---------|----------------------|----------------|--------|
| OME10.2 | Nichos baixo rasante | ud | 316,45 |
| OME10.3 | Panteón familiar | m ² | 757,20 |

11 VARIOS

| CODIGO | DENOMINACION | UNID. | PREZO/UNID. |
|----------|---|----------------|-------------|
| OME11.1 | Instalación de quioscos en vía pública | m ² | 284,12 |
| OME11.2 | Instalación de cartel ou panel publicitario visible dende vía pública | m ² | 42,60 |
| OME11.3 | Colocación de rótulo opaco | m ² | 339,64 |
| OME11.4 | Colocación de rótulo luminoso | m ² | 414,58 |
| OME11.5 | Construción de marquesina | m ² | 284,12 |
| OME11.6 | Construción de escaleira de madeira entre dúas plantas | ud | 568,24 |
| OME11.7 | Varanda de madeira ou metal en protección de ocos | ml | 133,25 |
| OME11.8 | Instalación de grúa ou guindatre (montaxe/desmontaxe) | ud | 825,00 |
| OME11.9 | Instalación térmica solar de produción de auga por m ² de superficie de placas instaladas. Para instalación de ata 400 m ² de superficie de placas | m ² | 1080,00 |
| OME11.10 | Instalación térmica solar de produción de auga por m ² de superficie de placas instaladas. Para instalación de máis 400 m ² de superficie de placas | m ² | 624,00 |

En caso de que unha obra non atope un encadre directo nas distintas tipoloxías arriba establecidas, aplicaráselle a tarifa que máis se aproxime por identidade de razón entre os supostos tipificados nesta anexo ou na base de datos da construción de Galicia aprobada por o instituto Tecnolóxico de Galicia.

Portomarín, 9 de setembro de 2021.-O alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 2670

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

FE DE ERRATAS

A/27/18969

En el anuncio de fecha 3 de septiembre de 2021, de información pública de un aprovechamiento de aguas, solicitada por Antonio Luis Cabana Fernández, con domicilio en CL\ Xosé Fernández Núñez, Lugo,

En donde dice:

Las obras consisten en la construcción en la margen izquierda de una escala de artesas, con dos saltos de 0,25 m con vertedero rectangular.

Debe decir,

Las obras consisten en la construcción en la margen derecha de una escala de artesas, con dos saltos de 0,25 m con vertedero rectangular.

Lugo, 9 de septiembre de 2021.- EL JEFE DEL SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2671

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****Expediente: A/27/31004**

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Petionario: Julián Capón Pardo

Nombre del río o corriente: río de Vilachambre

Caudal solicitado: 272,25 l/s

Punto de emplazamiento: Vilachambre

Término Municipal y Provincia: Baralla (Lugo)

Destino: accionamiento de molino y riego

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realizará en río de Vilachambre a través de un azud desde el que se desvían las aguas a través de un canal en el que se instalará una compuerta, desde el que circulan hasta el molino y las parcelas a regar.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Baralla, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

A este respecto, y mientras existan limitaciones de acceso como consecuencia de los riesgos sanitarios derivados del riesgo de contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y tener en cuenta las MEDIDAS DE SEGURIDAD que se establezcan.

Lugo, 9 de septiembre de 2021.- EL JEFE DEL SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2672